MELLORA E REFORZO DA XESTIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS NO ÁMBITO TERRITORIAL DA CONFRARÍA DE PESCADORES "SAN TELMO" DE PORTO DO SON

Período do proxecto

01/07/2026 – 30/06/2027

Axuda concedida

77.234,44 €

O obxectivo principal do proxecto é contribuír á recuperación e conservación dos ecosistemas mariños e as súas especies. Todo elo faise fomentando as actividades pesqueiras económica, social e ambientalmente sustentables. Preténdese garantir unha explotación responsable e sostible dos recursos mariños, que permita a viabilidade duradeira do sector pesqueiro e marisqueiro, así como a mellora das condicións de vida e traballo dos socios da Confraría que se dedican a estas actividades.

Os obxectivos específicos son a contratación de dous Gardapescas Marítimos para a vixilancia e control do acceso aos recursos mariños e dunha Asistencia Técnica para a xestión, seguimento e control dos recursos mariños.